

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 7 de outubro de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día sete de outubro de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1102).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1103).- PROPOSTA PARA INCLUSIÓN NO PERFIL DO CONTRATANTE DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA, DO INFORME EMITIDO EN RESPONSA Á CONSULTA REALIZADA POR “CRUZ ROJA ESPAÑOLA”. EXPTE. 82392/301.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 4.10.13, conformado pola concelleira delegada de Contratación, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local celebrada o día 3 de setembro de 2013 aprobou o expediente de contratación do Servizo de teleasistencia, expte. 82392-301. Mediante anuncios publicados no Boletín Oficial da Provincia e o Diario Oficial de Galicia o día 24 de setembro de 2013 abriuse o prazo de presentación de ofertas.

O día 25 de setembro de 2013 a Cruz Roja Española presenta por escrito a solicitude de resposta de varias consultas respecto a este expte. administrativo.

O asesor xurídico adxunto á xefatura de Benestar Social informa dita solicitude e da traslado da mesma a este servizo de Contratación.

O art. 139 da Lei de Contratos do Sector Público sinala que os órganos de contratación darán ós licitadores e candidatos un trato igualitario e non discriminatorio e axustarán a súa actuación ó principio de transparencia. Toda vez que as cuestións formuladas pola Cruz Roja Española poideran ter interese para o resto dos licitadores proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Que se inclúa no perfil do contratante respecto do expte. 82392-301 o informe emitido o día 3 de outubro de 2013 polo asesor xurídico adxunto á xefatura de Benestar Social deste concello respecto da solicitude presentada pola Cruz Roja Española o día 25 de setembro de 2013 no Rexistro Xeral municipal co núm. de documento 130109772.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a devandita proposta sendo o infome referido o que de seguido se transcribe:

INFORME

A pedimento do xefe da oficina administrativa de contratación do 26.09.2013 mediante oficio recibido polo técnico que subscribe o 02.10.2013, e en resposta á instancia presentada o 25.09.2013 no Rexistro xeral municipal (Doc. nº 130109772) por «CRUZ ROJA ESPAÑOLA», no que se formulan diversas consultas sobre o Anexo IV do Prego de Cláusulas administrativas particulares (PCAP) para a contratación do servizo de teleasistencia domiciliaria (TAD) por procedemento aberto no Concello de Vigo, infórmase o seguinte:

- 1) En cumprimento do preceptuado no Art. 120 do TRLCSP (RDlex.3/2011, do 14 de novembro, Texto refundido da Lei de Contratos do Sector público) incluíuse no Anexo IV dese PCAP, a relación do persoal adscrito na actualidade ó servizo de teleasistencia domiciliaria, segundo certificado presentado pola responsable da empresa que o presta na actualidade («EULEN Servicios sociosanitarios, S.A.»).

De calquera xeito, debe lembrarse que, como ten manifestado o «Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales» (Resolución TACRC nº 181/2011), existindo convenio colectivo que impoña a subrogación dos traballadores, a obrigatoriedade desta non deriva dos pregos de contratación, senón do propio convenio sectorial, polo que “atañe de forma exclusiva a los trabajadores y a la empresa, futura adjudicataria, resultando totalmente ajena a ella el órgano de contratación” na medida en que a Administración contratante non é partícipe das relacións laborais do adxudicatario do contrato (Resolucións TACRC núms. 292/2012 e 317/2012).

- 2) Tal como se indica na Follas de características do contrato (Apdo. 17.D).4) esta información facilítase ós posibles licitadores por se procedese a subrogación, de acordo co disposto no “VI Convenio marco estatal de servizos de atención a las personas dependientes y desarrollo de la promoción de la autonomía personal” (BOE nº 119, do 18.05.2012), coa finalidade de que poidan cuantificar os custos laborais asociados a esta medida e valorar se concorren ou non á licitación.
- 3) A eventual subrogación dos traballadores, por ministerio da lei ou –como sería neste caso- en virtude de convenio colectivo, prodúcese sempre a respecto dos contratistas, nunca da Administración contratante. De feito, cando se extingue un contrato de servi-

zos está expresamente prohibida a consolidación das persoas que teñan realizado os traballos obxecto do contrato como persoal da Administración (Art. 301.4 TRLCSP).

- 4) A determinación concreta dos traballadores do servizo de TAD a subrogar é tamén unha cuestión allea ó ámbito competencial municipal que debe resolverse mediante os cálculos e de acordo cos procedementos e criterios establecidos no propio VI Convenio marco (Art. 71), segundo o que:
- a) A empresa saínte elaborará un listado comprensivo de todo o personal de cada categoría, calquera que sexa o seu contrato, existente na unidade de servizo ou central de teleasistencia, expresando a antigüidade de cada traballador e a porcentaxe de xornada contratada, ordenándoo en orde descendente, de maior a menor antigüidade.
 - b) Atendendo ó número de traballadores a subrogar por categoría, escollerase alternativamente, unha persona do inicio e outra do final da lista, ata completar o número total de xornadas a subrogar.

En todo caso, deberase ter en conta que a relación de persoal que figura no Anexo IV do PCAP deste contrato de TAD reflicte unicamente, a título informativo e para os efectos da hipotética subrogación, os traballadores adscritos ó servizo que actualmente se presta, pero non ten por qué coincidir exactamente co persoal que finalmente se subroga, pois ata o momento da adxudicación do contrato non se poderá saber, por exemplo, se parte dese persoal foi xa previamente subrogado noutro contrato ou se a empresa saínte acordou libremente con determinados traballadores afectados pola subrogación a permanencia na súa plantilla ou se entre o persoal daquela relación inicial producíronse, a posteriori, baixas por falecemento, xubilación, ceses do contrato de traballo por calquera causa, etc.

A marxe do anterior, considérase que a información contida no Anexo IV do PCAP (que inclúe categorías profesionais, antigüidade, custo anual, tipos de contrato e ratios de subrogación) é suficiente para que os licitadores poidan valorar o custo aproximado derivado desa eventual subrogación e decidir en consecuencia sobre a presentación ou non das súas ofertas.

- 5) Tocante ó custo anual do persoal do servizo de TAD que podería ser subrogado, este non excede, nas porcentaxes de subrogación que se indican en cada caso no Anexo IV do PCAP, do tipo de licitación do contrato.
- 6) Como acertadamente indica «CRUZ ROJA ESPAÑOLA», de acordo co VI Convenio marco, unicamente se considera subrogable a plantilla pertencente ás categorías dos grupos B, C e D, sen que opere tal subrogación en relación co grupo A, no que se integraría o posto de “Responsable central” que figura no precitado Anexo IV do PCAP.

Sucede sen embargo que, segundo a información facilitada pola responsable de «EULEN Servicios sociosanitarios, S.A.», malia esa denominación de “Responsable central”, o posto corresponderíase en realidade, de acordo co contrato do traballador, coa categoría laboral de “Supervisor/a de teleasistencia”, encadrable, por tanto, segundo o convenio colectivo do sector, no grupo B.

Con todo, tanto esa información puntual como toda a restante relativa ós contratos dos demais traballadores obxecto de subrogación deberá ser facilitada puntualmente pola empresa saínte á nova adxudicataria.

38(1104).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO 615-IMOS TRABALLAR 2 POLO “MINISTERIO DE HACIENDA Y ADMINISTRACIONES PÚBLICAS”. EXPTE. 10350/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 4.10.13, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aceptar a subvención concedida por importe de 211.018,30 euros derivada da aplicación de remanentes con cargo ao Fondo Social Europeo-Programa Operativo de Adaptabilidade e Emprego, para cofinanciar a execución do proxecto 615-Imos Traballar2, aprobada por Resolución da "Dirección General de Coordinación de Competencias con las Comunidades Autónomas y las Entidades Locales", con data 5 de setembro de 2013 (BOE 16 de setembro de 2013).

2º.- Encomendar ao Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, a adaptación do proxecto con indicación das accións a realizar con cargo a asignación dos remanentes que, de acordo co apartado 5 da resolución citada no apartado anterior, deberán ser ou ben accións contempladas no proxecto inicial ou novas edicións dos itinerarios do proxecto en execución e posteriormente proceda a comunicar á "Dirección General de Coordinación de Competencias con las Comunidades Autónomas y las Entidades Locales", do “Ministerio de Política Territorial y Administraciones Públicas”, o proxecto adaptado. As novas accións deberán desenvolverse ao longo do ano 2014, tendo como data límite de execución o 31 de decembro de 2014.

3º.- En uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, e con carácter específico as previstas no art.127.1.f) (segundo modificación introducida a través da Lei 57/2003), esta Administración Municipal comprométese a incluír nos Orzamentos Xerais deste Concello do exercicio 2014, as dotacións suficientes para facer fronte ao financiamento nacional do Proxecto, en contía de 52.754,58 euros.

En caso de que o orzamento fose prorrogado o financiamento do Concello fariase con cargo a partida 2410 1310000 Contratacións Plan de Emprego Municipal , correspondendo 39.995,89 a retribucións salariais e 12.758,69 euros a costes de seguridade social

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Mª Jesús Lago Rey.